

ADMINISTRADOR SOCIEDADE MERCANTIL

2025-07-21

Como Administrador dunha Sociedade mercantil debe de saber que:

1º.-Que vostede e no caso de que haxa máis administradores, eles tamén, van facer constar que celebra a Xunta Xeral da Sociedade de aprobación de Contas Anuais e reparto de Resultados do 2024 con data 30 de xuño do 2025. Salvo si vostedes xa estableceron ou celebrarán a Xunta noutra data.

E polo tanto, vostedes son responsables das obrigas que adquiriron especialmente cos socios da súa sociedade da celebración e acordos de xuntas, nas sinaturas de actas das contas anuais, e polo tanto das responsabilidades mercantiles que se poidan derivan e das que vostedes deben de verificar e asumir a todos os efectos, evitando que lle poidan responsabilizar de falsedade de documento mercantil.

As Sociedades Civiles, Comunidades de Bens e Asociacións non presentan Contas Anuais no Rexistro.

2º.-Entre o día 1 e 28 de Xullo presentamos o Imposto de Sociedades do 2024 que no caso de que sexa positivo cargaránllo en conta o día 28 deste.

3º.-Recordamos que os que son Administradores da sociedade certifican que se celebrou Xunta Xeral extraordinaria o día 30 de xuño do 2025, e na que en todo caso se dice que asistiron todos os socios que asinaron no libro de Actas ou listado de asistentes e foron aprobadas por unanimidade, salvo aqueles que xa lle consta que a celebraran noutras datas e cos asistentes e aprobación que se deixaron recollidas nas actas.

4º.-Tamén se presentarán no prazo de 30 días dende a súa aprobación as Contas Anuais do 2024, na que se certifica que foron asinadas por todos os administradores e que foron aprobadas incluso co acordo de reparto de resultados.

Para calqueira dúbida póñanse en contacto con Nós.